



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA



**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO DAS MICROEMPRESAS DE GALICIA, TITULARES DE PRÉSTAMOS INFERIORES OU IGUAIS A 25.000,00 €, SUBSCRITO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), AS ENTIDADES FINANCEIRAS E AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA (Programa microcréditos)**

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2016



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA





**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO DAS MICROEMPRESAS DE GALICIA, TITULARES DE PRÉSTAMOS INFERIORES OU IGUAIS A 25.000,00 €, SUBSCRITO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), AS ENTIDADES FINANCEIRAS E AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA (Programa microcréditos)**

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2016

**REUNIDOS:**

- D. Javier Aguilera Navarro, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante Igape).
- D<sup>a</sup> Margarita Fernández Antonio, en nome e representación da entidade Sociedade de Garantía Recíproca da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra e Ourense, SGR (en adiante Sogarpo), con poderes suficientes para este acto.
- D. Manuel Alonso Fraile, en nome e representación da entidade Afianzamentos de Galicia, SGR (en adiante, Afigal), con poderes suficientes para este acto.

**CONSIDERANDO:**

O presente convenio inscribítese dentro do marco da política de apoio do Igape ás pequenas e medianas empresas.

Nun contexto, no que os custos financeiros das pemes españolas en xeral, e galegas en particular, presentan un sobrecusto en relación a outros países da UE, considérase necesario arbitrar mecanismos que faciliten o acceso ao crédito e sirvan para minorar o seu custo.

Esta circunstancia ten, ademais, unha especial incidencia nas microempresas, autónomos e emprendedores, que se atopan con especiais dificultades para o acceso ao crédito a longo prazo, en condicións competitivas.

Os fondos para a formalización destas operacións serán os facilitados polas entidades de crédito mediante os contratos de financiamento asinados para o ano 2016, para a liña ICO-Garantía SGR/SAECA 2016 e liña ICO-Empresas e Emprendedores 2016 ou ben mediante os seus propios fondos con aval dunha Sociedade de Garantía Recíproca.

As partes, previamente postas de acordo, conveñen en subscribir un convenio para a articulación dunha liña de financiamento bonificado, con suxeición ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**Cláusula 1<sup>a</sup>. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a entidade de crédito, as Sociedades de Garantía Recíproca e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), coa finalidade de establecer unha liña de bonificación ao financiamento obtido, mediante a modalidade de préstamo inferior ou igual a 25.000,00€, polas microempresas que, cumpran os requisitos das bases reguladoras das axudas do Igape.



### **Cláusula 2ª. Condicións das operacións e procedemento de tramitación**

As condicións específicas do beneficiario e dos proxectos, as características dos préstamos, os tipos de xuros e comisións e o procedemento de tramitación das solicitudes, así coma o pagamento, modificacións, incumprimentos e reintegros, establécense nas bases reguladoras do programa de apoio que se anexan ao presente convenio e que se publicarán no Diario Oficial de Galicia.

### **Cláusula 3ª. Compromisos dos partícipes no convenio**

1. Compromisos asumidos polas entidades financeiras que se adhiran.

a) Colaborar na difusión do programa de axudas do lgape entre os seus clientes, dando a coñecer as axudas nas súas sucursais mostrando a publicidade facilitada polo lgape e dando información axeitada aos solicitantes que llo requiran.

b) Colaborar cos beneficiarios na tramitación das solicitudes de axuda ao lgape, tanto na cumprimentación dos formularios como na tramitación das solicitudes ou plantexar ante o lgape as dúbidas que lles presenten os solicitantes.

c) Comunicación ao lgape das persoas autorizadas para o acceso á “extranet de entidades colaboradoras” para poder consultar a situación das solicitudes e, ao mesmo tempo, estar en contacto co persoal do lgape que se ocupa da tramitar as solicitudes presentadas co fin de xestionar calquera dúbida ou aclaración que se precise.

d) Remitir ao lgape as aclaracións que solicite respecto da documentación achegada polo beneficiario, relativa á formalización da operación financeira, á xustificación do proxecto e ao abono das bonificacións, así como someterse ás actuacións de comprobación que respecto á xestión dos fondos poida efectuar o lgape ou calquera dos organismos referidos na cláusula 6ª (Control) do convenio de colaboración.

e) Os pagamentos correspondentes á axuda concedida e xustificada polo beneficiario realizaranse a través da entidade financeira prestamista, polo que a entidade financeira deberá facilitar o número de conta onde se van efectuar. A entidade financeira ten a obriga de destinar o importe da axuda recibida para o titular á amortización anticipada do principal da operación financeira e a non cobrar ningunha comisión pola dita amortización e, unha vez aplicada, presentar no lgape, no prazo de 30 días, certificación acreditativa da amortización do principal do préstamo.

Ademais, o lgape pode solicitar ás entidades financeiras, previamente ou con posterioridade ao pagamento da axuda, a documentación complementaria necesaria para acreditar o axeitado cumprimento da finalidade da axuda concedida, así como outra información para os efectos estatísticos e unha correcta imputación contable ao peche do exercicio.

f) A entidade de crédito asinante do convenio obrígase, segundo o establecido no artigo 13.2.k) e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a reintegrar o importe da subvención no suposto de que incumpran o seu deber de aplicar a subvención á amortización anticipada do préstamo ou de remitir ao lgape a certificación acreditativa da amortización anticipada.

g) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) A entidade de crédito asinante deste convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Compromisos asumidos polas SGR:

a) Colaborar na difusión do programa de axudas do lgape entre os seus clientes, dando a coñecer as axudas nas súas sucursais mostrando a publicidade facilitada polo lgape e dando información axeitada aos solicitantes

que llo requiran.

b) Colaborar cos beneficiarios na tramitación das solicitudes de axuda ao Igape, tanto na cumprimentación dos formularios como na tramitación das solicitudes ou plantexando ao Igape as dúbidas que lles presenten os solicitantes.

c) Remitir ao Igape as aclaracións que solicite respecto da documentación achegada polo beneficiario, relativa á formalización da operación financeira avalada pola SGR.

d) Comunicar ao Igape as persoas autorizadas para o acceso á “extranet de entidades colaboradoras” para poder consultar a situación das solicitudes, as cales serán o contacto para xestionar calquera dúbida ou aclaración que se precise.

e) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) A SGR asinante deste convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Compromisos asumidos polo Igape.

a) Facilitar a información necesaria para a correcta difusión das axudas, por parte das entidades financeiras e SGRs.

b) Facilitar información ás entidades colaboradoras respecto da situación da tramitación da solicitude de axuda.

c) Aboar por cada operación aprobada e xustificada ao abeiro deste convenio e das bases reguladoras da axuda, ao beneficiario, a través da entidade financeira prestamista, o importe da axuda que corresponda segundo as bases da convocatoria.

#### **Cláusula 4ª. Aboamento da axuda a través das entidades financeiras**

Os pagamentos correspondentes á axuda concedida e xustificada polo beneficiario, realizaranse a través da entidade financeira prestamista e terán que destinarse á amortización anticipada do principal da operación, non podendo cobrar ningunha comisión pola dita amortización. Unha vez aplicada, a entidade financeira deberá presentar no Igape, no prazo de 30 días, certificación acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía pagada.

O Igape poderá requirir das entidades colaboradoras, previamente ou con posterioridade ao pagamento da axuda, calquera documentación complementaria acreditativa da operación financeira ou do cumprimento da finalidade da mesma, así coma outra información para os efectos estatísticos e dunha axeitada imputación contable ao peche do exercicio.

Para os ditos efectos, o Igape resérvase o dereito de introducir modificacións e melloras na recollida de datos da Extranet, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións coas entidades colaboradoras e as actuacións de control que lle corresponden.

#### **Cláusula 5ª. Compensación ás SGR**

Por cada operación de aval formalizada ao abeiro deste convenio, que cumpra os seus requisitos, o Igape aboará o 3,25% do seu importe á sociedade de garantía recíproca, cun mínimo de 250 € por operación. As achegas ás SGR deberán ser integradas no seu fondo de provisións técnicas.

O Igape procederá, trimestralmente, ao pagamento das cantidades correspondentes ás operacións avaladas polas SGR, que contén con resolución de concesión da axuda financeira emitida no trimestre obxecto da liquidación.

#### **Cláusula 6ª. Control**

Tanto as entidades financeiras como as sociedades de garantía recíproca adheridas quedan obrigadas a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións financeiras acollidas a este convenio, e sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño de 2007 (DOG nº 121, do 25 de xuño).

#### **Cláusula 7ª. Publicidade dos datos**

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006 de 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e as entidades destinatarias desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

#### **Cláusula 8ª. Procedementos para a interacción co Igape**

1. As solicitudes da axuda do Igape deberán presentalas os interesados no Igape, de acordo co procedemento establecido no artigo 11.1 das bases reguladoras publicadas no DOG. As entidades financeiras e SGR, no seu caso, poderán consultar a situación das solicitudes a través da Extranet de Entidades Colaboradoras, <http://tramita.igape.es>.

2. A vía telemática (Extranet) será obrigatoria para a interacción entre as entidades (entidades financeiras, SGR e o propio Igape) aos efectos do establecido na cláusula 3.1.d) e para comunicar, a amortización anticipada do principal da operación financeira polo importe da axuda ingresada no nº de conta previamente comunicado ao Igape

3. O Igape resérvase a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da Extranet, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio

#### **Cláusula 9ª. Denuncia do convenio**

1. Será causa suficiente para a resolución deste convenio o incumprimento por algunha das partes de calquera das súas cláusulas, trala denuncia cun mínimo de 30 días de aviso previo.

2. A resolución do convenio suporá, en todo caso, deixar atendidas fronte aos beneficiarios as obrigas xa contraídas por calquera das partes.

#### **Cláusula 10ª. Seguimento do convenio**

O seguimento do convenio realizarase a través de reunións de seguimento a manter entre as entidades de crédito, as SGR e representantes do Igape.

#### **Cláusula 11ª. Publicidade**

1. As entidades de crédito asinantes comprométese a mostrar, nas súas distintas sucursais, a publicidade facilitada polo Igape, no seu caso, e a colaborar na correcta difusión desta liña de axudas.

2. Co obxecto de lograr maior coordinación, os proxectos e campañas publicitarias que, no seu caso, realicen as entidades de crédito sobre este convenio, deberán comunicarse previamente ao Igape.

#### **Cláusula 12ª. *Natureza***

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, correspondendo ao director xeral do Igape a interpretación do seu contido.

#### **Cláusula 13ª. *Adhesión das entidades colaboradoras ao convenio***

1. O Igape convidará a adherirse ao convenio de colaboración no que se regulen os compromisos das partes, a todas aquelas entidades financeiras e SGR que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que teñan acreditada a súa solvencia. Acreditarase, tanto se a operación se formaliza con fondos ICO ou con fondos propios, mediante certificado do Instituto de Crédito Oficial de ter subscrito o correspondente contrato de financiamento para o ano 2016, mediante o cal se lles autoriza para a xestión dos fondos do Instituto de Crédito Oficial, que a axencia financeira do estado canaliza ás pemes mediante a fórmula de mediación a través das entidades de crédito.

b) Que presenten declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo as obrigas do artigo 12 do citado texto legal.

2. A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades bastantes, da declaración que se xunta como anexo IV ás bases reguladoras da axuda publicadas no Diario Oficial de Galicia. O Igape daralles conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo partícipe no convenio.

3. Non se prevé a constitución de garantía por parte das entidades colaboradoras.

#### **Cláusula 14ª. *Financiamento***

Este convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7703, cun crédito de 25.000 € para o ano 2016 e 50.000 € para o ano 2017.

#### **Cláusula 15ª. *Vixencia***

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro do ano 2017, no que respecta aos seus termos económicos, sen prexuízo das prórrogas, que, se é o caso, así se pactasen por acordo expreso das partes, unha vez tramitadas as habilitacións oportunas.

#### **Cláusula 16ª. *Remisión normativa***

En todo o non regulado expresamente neste convenio, nas bases reguladoras das axudas do Igape, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), no acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración



con particulares (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, estarase ao disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2016

Polo **IGAPE**:

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral

Por **SOGARPO, S.G.R.:**

Margarita Fernández Antonio

Por **AFIGAL, S.G.R.:**

Manuel Alonso Fraile



**Bases reguladoras das axudas do Igape para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000,00 €, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (Programa microcréditos)**

O Instituto Galego de Promoción Económica, no cumprimento das súas funcións, desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da comunidade autónoma galega.

Nun contexto, no que os custos financeiros das pemes españolas en xeral, e galegas en particular, presentan un sobrecusto en relación a outros países da UE, considérase necesario arbitrar mecanismos que faciliten o acceso ao crédito e sirvan para minorar o seu custo.

Esta circunstancia ten, ademais, unha especial incidencia nas microempresas, autónomos e emprendedores, que se atopan con especiais dificultades para o acceso ao crédito a longo prazo, en condicións competitivas.

Por outra banda, o sector industrial amósase coma o de maior capacidade de xerar valor engadido e riqueza, polo que debe ser considerado dun xeito especial.

Nesta liña, convócanse as axudas do Igape ás microempresas para a redución dos custos do financiamento, para acometer investimentos en Galicia e dotarse da liquidez necesaria para o desenvolvemento da actividade.

Estas axudas, en definitiva, pretenden mellorar o acceso dos emprendedores e das empresas do sector industrial ao financiamento, que é un dos obxectivos da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade e da Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia.

Así mesmo, a Axenda de Competitividade Industrial, Galicia: Industria 4.0, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 13 de maio de 2015, establece cinco plans de impulso con 26 enfoques estratéxicos e 60 medidas que desenvolverá a Administración galega entre os anos 2015 e 2020. En particular, o enfoque estratéxico 2.3 prevé apoiar especialmente o emprendemento industrial.

A tramitación destas axudas exclúe a concorrencia competitiva con base ao establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto serán bonificables todas as operacións financeiras que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito. Xustifícase a excepcionalidade por canto nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de promover calquera proxecto de investimento que, cumprindo os requisitos especificados nas presentes bases, poidan levar adiante as empresas

Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que solicitudes de axuda financeira poidan ser atendidas coa debida dilixencia e en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de xeito continuo.

#### Artigo 1. *Obxecto*

As presentes bases regulan o contido e procedemento de tramitación das axudas ao financiamento dos investimentos en Galicia, por parte das microempresas.

#### Artigo 2. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nestas bases os autónomos e aquelas empresas que teñan a consideración de microempresa. A ditos efectos, terá a consideración de microempresa, a unidade económica con personalidade física ou xurídica que reúna os seguintes requisitos:

- a) Que teña menos de 10 traballadores.
- b) Que teñan unha cifra de negocios anual ou balance xeral anual que non supere os 2 millóns de euros.

c) Que cumpra o criterio de independencia.

Aos efectos da determinación dos criterios anteriores, estarase á definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado UE.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiario as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da axuda. Neste caso deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da axuda que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Terán que ter formalizada unha operación de préstamo cunha entidade financeira adherida ao convenio de colaboración asinado ao efecto, previamente ou con posterioridade á entrada en vigor das presentes bases, con fondos do ICO das Liñas ICO-Empresas e Emprendedores 2016, ICO-Garantía SGR/SAECA 2016 ou ben con fondos da propia entidade financeira, sempre que estean avalados por unha SGR.

No caso de sociedades civís e comunidades de bens e outras entidades sen personalidade xurídica, o préstamo deberá estar formalizado a nome da entidade e deberá ser asinado por cada un dos seus membros. No caso das cooperativas, o préstamo poderá estar asinado por un representante da entidade, previa autorización dela, ou polos cooperativistas, que asumirán a débeda en proporción á súa porcentaxe de participación.

En calquera caso, os préstamos deberán estar formalizados a partir do 1 de xaneiro de 2016 e con anterioridade á data de presentación da solicitude de axuda, por un importe inferior ou igual a 25.000,00 €, a un prazo igual ou superior a cinco anos e cumprir coas condicións específicas, de actividade e localización, establecidas nestas bases.

3. En aplicación do artigo 51.b) da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, os solicitantes poderán acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ser debedor por resolución de procedencia de reintegro mediante unha declaración responsable que se cubrirá no formulario electrónico de solicitude.

4. Ademais de reunir os requisitos establecidos para cada liña de financiamento deberán cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións e non ser consideradas empresas en crise de acordo coa definición de empresa en crise establecida no apartado 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado da UE.

### Artigo 3. *Condicións específicas para o acceso ás axudas do Igape*

#### 1. Actividade.

Os proxectos obxecto de financiamento a través desta liña terán que corresponderse con algunha das actividades sinaladas no anexo II. Non obstante, no caso de proxectos que se van desenvolver por emprendedores considéranse atendibles todas as actividades, agás as excluídas nas letras c), d) e e) do artigo 1 do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *minimis* e para as empresas do sector pesqueiro no artigo 1 do Regulamento



(CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e para as empresas do sector agrícola no artigo 1 del Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis no sector da produción de produtos agrícolas (DOUE do 21 de decembro).

## 2. Localización.

O investimento obxecto de financiamento deberá realizarse en Galicia.

### Artigo 4. *Características dos proxectos a financiar*

1. O financiamento poderá destinarse aos seguintes conceptos:

- a) Activos fixos produtivos novos ou de segunda man.
- b) Vehículos industriais sen límite de prezo e vehículos turismos, cun prezo máximo de 30.000 €, sen incluír o IVE.
- c) Adquisición de empresas.
- d) Liquidez co límite do 50% do financiamento.

2. Por activo produtivo deberá entenderse aqueles bens que, directa ou indirectamente, permitan realizar a actividade da empresa.

3. Os beneficiarios das axudas establecidas nestas bases deberán manter os investimentos obxecto de financiamento durante a vixencia da bonificación á operación financeira. Considerarase cumprida esta condición no caso de que os bens nos que se materialice o investimento sexan substituídos por outros da mesma natureza e destino, non podendo obter para a súa adquisición ningún tipo de axuda financeira do Igape.

4. Non se concederá axuda, por parte do Igape, ao financiamento destinado a:

- a) Vehículos de transporte, no sector de transporte de mercadorías por estrada.
- b) Adquisición ou construción de buques de pesca.
- c) O Imposto sobre o valor engadido (IVE) ou calquera outro tributo ligado ao investimento.

5. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. Poderanse financiar investimentos realizados no prazo de execución, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2015 ata un ano dende a formalización do préstamo. A diferenza entre os importes correspondentes aos investimentos e o importe disposto do financiamento, considérase utilizado para liquidez.

### Artigo 5. *Importe máximo de préstamo por beneficiario*

1. Só terán acceso ás axudas de bonificación dos custos de financiamento establecidas nestas bases, os préstamos formalizados por un importe inferior ou igual a 25.000,00 €.

2. A porcentaxe de financiamento poderá alcanzar o 100% do proxecto, non obstante a bonificación do Igape calcularase para o 75% do préstamo.

### Artigo 6. *Prazos de amortización e carencia*

Serán atendibles, aos efectos das axudas establecidas nestas bases, os préstamos formalizados a un prazo igual ou superior a 5 anos.

### Artigo 7. *Tipos de xuro e comisións das operacións*



1. Os tipos de xuro máximos, segundo o prazo e modalidade escollida, serán os publicados quincenalmente polo ICO na súa páxina web , [www.ico.es](http://www.ico.es), no apartado de tipo de xuro que figura nas fichas das liñas Liña ICO-Empresas e Emprendedores 2016, para as operacións sen aval de SGR e na ficha da Liña ICO-Garantía SGR/SAECA 2016 para as operacións formalizadas con aval dunha SGR.

2. A entidade de crédito non aplicará ningunha comisión ao cliente pola concesión do financiamento. No caso de contar con aval financeiro do 100%, a SGR poderá aplicar unha comisión de estudo máxima do 0,50% do importe total da operación.

3. As SGR poderán cobrar ao cliente en concepto de comisión de aval ate un máximo do 1% do risco vivo anual.

#### Artigo 8. Axuda do Igape

1. Consistirá nunha axuda financeira que se deberá destinar á amortización anticipada do principal do préstamo. A dita axuda determinarase do seguinte xeito:

a) Axuda ao tipo de xuro de 1,5 puntos porcentuais, con carácter xeral e, no caso de emprendedores ou proxectos pertencentes ao sector industrial, en 0,5 puntos porcentuais adicionais.

Dita axuda calcularase como segue:

1º Calcularanse os valores absolutos dos puntos a percibir durante o período teórico de vixencia do préstamo, incluído, se é o caso, o período de carencia. Aos efectos de excluír o IVE, tomarase coma base para o cálculo o 75% da operación formalizada e coma base da liquidación o ano comercial (360 días).

2º Actualizaranse os valores absolutos obtidos anteriormente, utilizando como taxa de actualización o tipo de xuro legal do diñeiro correspondente ao ano da formalización da operación financeira.

3º No caso de que a operación fose formalizada a un prazo superior a 7 anos os cálculos faranse de xeito teórico, coma se fose a 7 anos, incluída a carencia.

b) Axuda do 15% sobre o tramo de préstamo que debe financiar activos fixos.

c) Axuda á comisión do aval financeiro, no seu caso, que se calculará como na axuda ao tipo de xuro.

2. Terán a consideración de emprendedores, de acordo coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as persoas físicas e xurídicas que se encontren realizando unha actividade empresarial ou profesional con ata corenta e dous meses de antigüidade ou ben os trámites previos para poder desenvolver unha actividade económica. Dito prazo computarase dende a data de formalización do préstamo.

3. A entidade financeira non poderá cobrar comisión ningunha pola amortización anticipada do principal do préstamo, coma consecuencia do pagamento da axuda.

4. No suposto de que o tipo de xuro alcanzase niveis inferiores aos puntos de bonificación, a axuda do Igape limitaríase ao tipo de xuro establecido para a vixencia da operación, ou ben para o primeiro período, no caso de operacións a tipo de xuro variable. É dicir, o tipo de xuro resultante, tras a redución, non poderá ser inferior a cero.

5. O 15% sobre o tramo de préstamo que debe financiar activos fixos, calcularase aplicando a porcentaxe do 15% sobre o 50% da base de cálculo tida en conta na axuda ao tipo de xuro.

#### Artigo 9. Compatibilidade e límite de axuda

1. A concesión das axudas queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, á da Unión Europea. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas - pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea para as axudas de minimis; isto é, de xeito xeral as axudas de minimis totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais; para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada este límite redúcese a 100.000 euros. Para as empresas do sector da pesca as axudas de minimis totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector agrícola o límite de minimis redúcese a 15.000 euros durante calquera período de tres exercicios.



As axudas de minimis non se acumularán con ningunha axuda estatal en relación cos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación excedese da intensidade de axuda fixado por un regulamento de exención por categorías.

2. Cando o importe de axuda que se vai conceder con suxeición a estas bases supere o límite máximo global, o dito importe de axuda reducirase na parte que proceda.

3. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico, das axudas recibidas en réxime de *minimis* nos derradeiros tres exercicios. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

#### Artigo 10. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das Administracións públicas. Polo tanto, os formularios de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

3. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nestas bases reguladoras, salvo que estes xa estivesen en poder do Igape; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. A presentación da solicitude pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos establecidos regulamentariamente e no artigo 51.b) da Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

5. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Inclúirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

#### Artigo 11. *Tramitación das solicitudes de axuda ante o Igape*

1. De acordo coas características do programa de axuda, o procedemento de concesión tramitarase en concorrencia non competitiva. As solicitudes de axuda resolveranse por orde de entrada das solicitudes

completas no Igape, e ata esgotarse as disponibilidades orzamentarias aprobadas.

## 2. Presentación das solicitudes de axuda.

a) Dentro do prazo establecido na convocatoria, para presentar unha solicitude de axuda o interesado deberá cubrir previamente un formulario descritivo da empresa, do proxecto e da operación financeira a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon á disposición do interesado o seu Servizo de Asistencia Técnica, a través do mencionado enderezo da Internet ou do número de teléfono 900 815 151. Dende este servizo poderá accederse á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDE identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo a internet. Tamén se poderá recibir asistencia na propia entidade de crédito colaboradora.

Deberanse cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un Identificador de Documento Electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda. Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado "SHA-1 160 bits" a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

b) As solicitudes de axuda presentaranse mediante o formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na citada aplicación informática e que se xunta como anexo I a estas bases a título informativo e que deberá asinar o solicitante. No formulario será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas cales este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas, concedéndolles aos solicitantes un prazo de 10 días para a súa emenda, transcorrido o cal teráselles desistidos da súa petición, logo de resolución de arquivo.

c) Xunto co formulario de solicitude, deberase presentar a seguinte documentación:

Póliza da operación financeira formalizada.

DNI da persoa solicitante ou representante, só no caso de non autorizar a súa consulta.

NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.

Certificado da AEAT de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE), só no caso de denegar expresamente a súa consulta.

De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 20.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

d) Unha vez xerada a solicitude deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de solicitude normalizada co IDE (anexo I), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Alternativamente, unha vez xerada a solicitude, tamén se poderá presentar en soporte papel no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común utilizando o formulario de solicitude normalizado (anexo I) co IDE, xunto coa copia simple da póliza. No formulario de solicitude inclúese unha declaración responsable da persoa que asina a solicitude de que as copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape.



Na presentación electrónica, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, os interesados deberán achegar coa solicitude a copia dixitalizada da dita póliza, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade do dito documento co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O Igape poderá requirir ao interesado a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tal copia implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tal documento.

Para achegar xunto co formulario de solicitude os documentos en formato electrónico o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais obtendo arquivos en formato PDF. A aplicación informática permitirá anexar estes arquivos en formato PDF sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. No caso de que un documento PDF ocupe máis do dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño. Calquera outro formato de arquivo distinto do PDF non será aceptado pola aplicación informática nin será considerado como documentación presentada.

Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

1º Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

2º O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004 da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmentemente ao longo da tramitación do expediente.

3º A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan a un deles para presentar a solicitude. Este documento realizarase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

4º Unha vez asinada a instancia de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

5º No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no que quedará constancia do feito da presentación.

6º Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun acuse de recibo das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE nº 150, do 23 de xuño).

e) Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es), indicando os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico no que desexan recibir o xustificante. Dentro do prazo de presentación de solicitudes poderán modificarse os termos da solicitude inicial, utilizando para isto a aplicación informática para xerar un formulario modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas modificacións. A efectos de prioridade na resolución terase en conta a data de presentación da solicitude modificada.

As entidades financeiras e SGR, no seu caso, poderán consultar a situación das solicitudes a través da Extranet de Entidades Colaboradoras.



f) A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

g) Dentro dos dez días seguintes á presentación das solicitudes no rexistro o lgape comunicaralles aos solicitantes a data na que as solicitudes foron presentadas, o número de expediente asignado, o prazo máximo establecido para a resolución e notificación do procedemento (3 meses desde a data da presentación da solicitude no lgape) e os efectos do silencio administrativo (negativo).

h) Se a solicitude non reúne os datos esixidos nestas bases, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao requirimento se emende a falta, con indicación de que en caso contrario considerárase ao interesado desistido da solicitude, previa resolución declarativa de tal circunstancia.

i) Nos casos nos que o lgape o considere necesario, e para os efectos da resolución da solicitude, solicitarase informe á consellería sectorial correspondente, en relación ao cumprimento por parte dos proxectos da normativa específica que resulte aplicable.

j) Instruído o procedemento pola Área de Financiamento do lgape e inmediatamente antes de redactar proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados mediante trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderá prescindirse do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

#### Artigo 12. *Resolución*

Unha vez rematada a instrución e cumprimentado no seu caso o trámite de audiencia, a Dirección da Área de Financiamento do lgape elevará proposta de resolución ao director xeral do lgape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección, e incluírá os termos que se expresan a continuación:

O importe e destino do préstamo bonificado, o prazo de vixencia e, no seu caso, a carencia, o prazo de execución do proxecto, o tipo de xuro da operación, os puntos e o importe da bonificación, o importe da axuda financeira sobre o tramo de préstamo que debe financiar os investimentos en activos fixos e a compensación da comisión de aval, no caso das operacións avaladas por unha SGR.

As resolucións de denegación de solicitudes deberán detallar a causa.

#### Artigo 13. *Notificación, silencio administrativo e recursos*

1. O lgape notificará ao solicitante e comunicará á entidade de crédito e SGR, se é o caso, a concesión ou denegación da bonificación, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

2. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de 2 meses desde a data de presentación da solicitude da axuda no lgape. O dito prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido o tal prazo sen que se notificara resolución expresa, poderá entenderse desestimada.

3. Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses dende a súa notificación, se fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Potestativamente, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o director xeral do lgape, por delegación do Consello de Dirección do lgape, no prazo dun mes dende a súa notificación, se fose expresa, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto



presunto, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 14. *Publicación*

1. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía Emprego e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a súa remisión ás entidades financeiras e sociedades de garantía recíprocas para os efectos da formalización da operación, e a referida publicidade.

2. De acordo co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as axudas concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, [www.igape.es](http://www.igape.es) e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da axuda, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* debe realizarse no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, non obstante, cando os importes das axudas concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das axudas concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

3. De acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1149/2011, do 29 de xullo, polo que se establece e regula o rexistro español de axudas de minimis no sector pesqueiro (BOE nº 223, do 16 de setembro), no caso de que o beneficiario sexa unha empresa do sector pesqueiro, o Igape publicará a axuda concedida ao abeiro destas bases no citado Rexistro expresando a información a que se fai referencia no anexo I deste Real Decreto.

4. De acordo co establecido no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na BDNS, non requirirá o consentimento do beneficiario. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no apartado 1 do artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

5. Segundo o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os beneficiarios están obrigados a subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita Lei.

#### Artigo 15. *Xustificación e pagamento da axuda*

1. Para facer efectivo o pagamento da totalidade da axuda o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento, no prazo máximo de 1 mes dende a data de remate do período de execución, sinalado na resolución de concesión.

2. Para elo, deberá cubrir previamente o formulario de liquidación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do número de teléfono 900 815 151, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Desde este servizo poderase acceder á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDEL identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo á internet.



Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente a solicitude de cobramento. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación citada anteriormente.

3. A solicitude de cobramento presentarase mediante o formulario normalizado que a título informativo figura como anexo III a estas bases, na cal será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas, previo requirimento realizado para o efecto.

4. Unha vez xerada a solicitude de cobramento, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de solicitude de cobramento normalizado co IDEL (anexo III), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes e sempre que o solicitante cumpra os requisitos previstos no anterior artigo 11.2.d) das bases reguladoras.

Alternativamente, unha vez xerada a solicitude de cobramento, tamén se poderá presentar en soporte papel no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común utilizando o formulario de solicitude de cobramento normalizado (anexo III) co IDEL.

5. O sistema de xustificación será a conta xustificativa simplificada establecida no artigo 51 do Decreto 11/2009 que regulamenta a Lei de Subvencións de Galicia (por tratarse de axudas por importe inferior a 30.000€). No formulario de liquidación solicitaranse os seguintes datos e información necesarios para a súa composición establecidos no citado artigo:

a) Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.

c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

O Igape requirirá ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gastos, seleccionados en base a técnicas de mostraxe, comprobándose a estes efectos polo Igape un mínimo do 10% dos expedientes con axudas aprobadas por importe ata 6.000 €, e un mínimo do 20% dos expedientes con axudas aprobadas por importe superior a 6.000 € e ata 30.000 €. Só se admitirán xustificantes de pagamentos en efectivo para importes inferiores aos 1.000 € por provedor.

Porén, cando das comprobacións realizadas non se acade a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da axuda, o Igape procederá a requirirle aos beneficiarios a totalidade dos documentos xustificativos, en orixinal ou copia cotexada.

No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase ao beneficiario para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu Regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

6. O Igape revisará a documentación xustificativa, podendo solicitar ao beneficiario, á entidade de crédito ou, se é o caso, á SGR calquera documentación e información adicional que considere oportuno para os efectos dunha correcta análise da xustificación da realización do proxecto.

7. Unha vez verificada a documentación achegada, o Igape procederá ao pagamento da axuda financeira a través da entidade financeira prestamista. A axuda terá que destinarse á amortización anticipada do principal da operación, polo que, unha vez aplicada, a entidade financeira ou o titular deberá presentar no Igape, no prazo de 30 días, certificación acreditativa da amortización do principal, na contía aboada.

En calquera caso o réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Cando o beneficiario da axuda poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da axuda, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme ao artigo 16 destas bases, despois de omitirse o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da axuda poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

A aceptación das alteracións por parte do Igape no acto de comprobación non exime ao beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme á Lei de Subvencións de Galicia.

#### Artigo 16. *Modificacións*

1. O beneficiario queda obrigado a comunicarlle ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os que foi concedida a axuda. En particular deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para a mesma operación no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de cobramento.

2. O beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución, durante o período establecido na resolución de concesión para a execución do proxecto. No caso de que a modificación afecte aos datos declarados no formulario, deberá cubrir previamente un novo formulario na aplicación informática e obter un novo código IDE. Este IDE incluírase na solicitude de modificación que se dirixirá ao director do Instituto Galego de Promoción Económica.

3. O director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, poderá acordar as modificacións do proxecto relativas ao importe subvencionable e titularidade, tidas en conta para a concesión da axuda sempre que a modificación do proxecto ou titularidade non prexudique a terceiros, e os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda. No caso de operacións con fondos do ICO, deberá autorizarse previamente polo ICO.

O cambio de beneficiario deberá acreditarse documentalmente así coma a subrogación na totalidade dos dereitos e obrigas derivados da operación bonificada. Presentarase a solicitude asinada polo novo titular, xunto co consentimento do anterior beneficiario.

En ningún caso a resolución de modificación implicará aumentar a contía da axuda inicialmente aprobada.

4. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou a súa revogación, no caso de que ditos cambios supoñan o incumprimento dos requisitos establecidos para os proxectos ou beneficiario.

5. O Igape poderá rectificar de oficio a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

#### Artigo 17. *Incumprimentos, reintegros e sancións*



1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base de cálculo da axuda o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados inicialmente, debendo se e o caso reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50% do proxecto financiado, entenderase que o dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

b) No caso de incumprimento doutras condicións, o seu alcance será determinado en función do grao e entidade da condición incumplida, de acordo coa seguinte graduación:

1º Non comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o proxecto financiado así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da axuda, suporá a perda dun 5% da axuda concedida.

2º Non manter os investimentos obxecto da axuda durante o período establecido, suporá a perda da axuda correspondente ao activo non mantido, nunha porcentaxe equivalente ao tempo non cumprido.

3º Non manter a vixencia do préstamo bonificado durante o período inicialmente establecido na escritura de formalización, suporá o reintegro do importe correspondente á seguinte graduación:

i) Si se amortizase totalmente o préstamo durante o primeiro cuarto da vida do préstamo suporía a devolución do 90% da axuda.

ii) Si se amortizase totalmente o préstamo durante o segundo cuarto da vida do préstamo suporía a devolución do 40% da axuda.

iii) Si se amortizase totalmente o préstamo durante o terceiro cuarto da vida do préstamo suporía a devolución do 20% da axuda.

iv) Si se amortizase totalmente o préstamo durante o último cuarto da vida do préstamo ou despois do sétimo ano, non suporía a devolución de cuantía algunha da axuda.

v) No caso de amortización parcial, aplicaranse as porcentaxes anteriores de xeito proporcional ao importe do préstamo cancelado.

3. Incumprimento total:

a) Obter a axuda sen reunir as condicións requiridas.

b) Cando non se xustifique ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da axuda, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da mesma.

c) Cando non permitan someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control



competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou Consello de Contas.

4. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo competente para a súa resolución o director xeral do lgape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo antes os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes á súa notificación e potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do lgape no mes seguinte ao da súa notificación.

5. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 18. *Control*

Os beneficiarios e as entidades colaboradoras quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que efectúe o lgape para verificar a aplicación das axudas ás finalidades aprobadas e o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos, así como ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, debendo facilitar toda a información requirida polos citados organismos.

#### Artigo 19. *Adhesión mediante convenio con entidades colaboradoras*

1. Para a xestión das axudas o lgape formalizará coas entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca un convenio de colaboración. O referido convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a entidade de crédito, as Sociedades de Garantía Recíproca e o Instituto Galego de Promoción Económica (lgape).

As entidades financeiras realizarán por conta do lgape as seguintes actuacións:

- a) Colaborar na difusión do programa de axudas do lgape entre os seus clientes, dando a coñecer as axudas nas súas sucursais mostrando a publicidade facilitada polo lgape e dando información axeitada aos solicitantes que llo requiran.
- b) Colaborar cos beneficiarios na tramitación das solicitudes de axuda ao lgape, tanto na cumprimentación dos formularios como na tramitación das solicitudes ou plantexar ante o lgape as dúbidas que lles presenten os solicitantes.
- c) Comunicar ao lgape as persoas autorizadas para o acceso á “extranet de entidades colaboradoras” para poder consultar a situación das solicitudes e, ao mesmo tempo, estar en contacto co persoal do lgape que se ocupa da tramitar as solicitudes presentadas co fin de xestionar calquera dúbida ou aclaración que se precise.
- d) Remitir ao lgape as aclaracións que solicite respecto da documentación achegada polo beneficiario, relativa á formalización da operación financeira, á xustificación do proxecto e ao abono das bonificacións, así como someterse ás actuacións de comprobación que respecto á xestión dos fondos poida efectuar o lgape ou calquera dos organismos referidos na cláusula 6ª (Control) do citado convenio de colaboración.
- e) Os pagamentos correspondentes á axuda concedida e xustificada polo beneficiario realizaranse a través da entidade financeira prestamista, polo que a entidade financeira deberá facilitar o número de conta onde se van efectuar. A entidade financeira ten a obriga de destinar o importe da axuda recibida para o titular á amortización anticipada do principal da operación financeira e a non cobrar ningunha comisión pola dita amortización e, unha vez aplicada, presentar no lgape, no prazo de 30 días, certificación acreditativa da amortización do principal do préstamo.

Ademais, o lgape pode solicitar ás entidades financeiras, previamente ou con posterioridade ao pagamento da axuda, a documentación complementaria necesaria para acreditar o axeitado cumprimento da finalidade da



axuda concedida, así como outra información para os efectos estatísticos e unha correcta imputación contable ao peche do exercicio.

f) A entidade de crédito asinante do convenio obrígase, segundo o establecido no artigo 13.2.k) e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a reintegrar o importe da subvención no suposto de que incumpran o seu deber de aplicar a subvención á amortización anticipada do préstamo ou de remitir ao Igape a certificación acreditativa da amortización anticipada.

As SGR realizarán por conta do Igape as seguintes actuacións:

a) Colaborar na difusión do programa de axudas do Igape entre os seus clientes, dando a coñecer as axudas nas súas sucursais mostrando a publicidade facilitada polo Igape e dando información axeitada aos solicitantes que llo requiran.

b) Colaborar cos beneficiarios na tramitación das solicitudes de axuda ao Igape, tanto na cumprimentación dos formularios como na tramitación das solicitudes ou plantexando ao Igape as dúbidas que lles presenten os solicitantes.

c) Remitir ao Igape as aclaracións que solicite respecto da documentación achegada polo beneficiario, relativa á formalización da operación financeira avalada pola SGR.

d) Comunicar ao Igape as persoas autorizadas para o acceso á “extranet de entidades colaboradoras” para poder consultar a situación das solicitudes, as cales serán o contacto para xestionar calquera dúbida ou aclaración que se precise.

2. O Igape convidará a adherirse ao convenio de colaboración no que se regulen os compromisos das partes, a todas aquelas entidades financeiras e SGR que cumpran os seguintes requisitos:

c) Que teñan acreditada a súa solvencia. Acreditarase, tanto se a operación se formaliza con fondos ICO ou con fondos propios, mediante certificado do Instituto de Crédito Oficial de ter subscrito o correspondente contrato de financiamento para o ano 2016, mediante o cal se lles autoriza para a xestión dos fondos do Instituto de Crédito Oficial, que a axencia financeira do estado canaliza ás pemes mediante a fórmula de mediación a través das entidades de crédito.

d) Que presenten declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo as obrigas do artigo 12 do citado texto legal.

3. Formalización da adhesión ao convenio de novas entidades colaboradoras.

As entidades que cumprindo as anteriores condicións non foran invitadas poderán instar a súa adhesión ante o Igape. A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades bastantes, da declaración que se xunta como anexo IV a estas bases. O Igape daralles conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo partícipe no convenio.

O prazo para solicitar a adhesión rematará o 30 de setembro de 2016.

4. Non se prevé a constitución de garantía por parte das entidades colaboradoras.

5. As entidades colaboradoras adheridas ao convenio relaciónanse no anexo V a estas bases. A incorporación de novas entidades tamén será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 20. *Compensación ás SGR*

O Igape aboará as Sociedades de Garantía Recíproca colaboradoras neste programa en concepto de compensación das establecidas nos artigo 13.2m) da Lei 9/2007, de Subvencións un 3,25% do principal dos préstamos formalizados que contén con resolución de concesión do Igape. O convenio de colaboración que a tal efecto se subscriba regulará o procedemento de liquidación e o destino desa achega.

#### Artigo 21. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación destas bases reguladoras, cuxo tratamento e publicación autorízase polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Beneficiarios - Terceros", cuxo obxecto, entre outras finalidades, é xestionar estas bases reguladoras, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o Igape. Quen no ámbito das súas respectivas competencias, cederá os datos á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a resolución do expediente administrativo, así como aos outros órganos especificados nestas mesmas bases reguladoras para a súa tramitación. O solicitante faise responsable da veracidade de todos eles e declara ter o consentimento das terceiras persoas cuxos datos poidan ser necesarios aportar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [lopd@igape.es](mailto:lopd@igape.es).

#### Artigo 22. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), no contrato de financiamento suscrito entre o Instituto de Crédito Oficial e as entidades de crédito (Liñas ICO 2016), no convenio de colaboración IGAPE-EE.FF-SGR e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, estarase ao disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## ANEXO I



**ANEXO II**  
**ACTIVIDADES INCENTIVABLES - CNAE 2009**

Axudas para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 € (Programa microcréditos)

Sección	CNAE	Actividade	Observacións
<b>Agricultura, gandería, silvicultura e pesca</b>	01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas	Agás 01.15 e 01.70
	02	Silvicultura e explotación forestal	
	03.	Pesca e acuicultura	
<b>Industrias extractivas</b>	08.	Outras industrias extractivas	
	09.	Actividades de apoio ás industrias extractivas	
<b>Industria manufactureira</b>	10.	Industria da alimentación	
	11.	Fabricación de bebidas	
	13.	Industria téxtil	
	14.	Confección de prendas de vestir	
	15.	Industria do coiro e do calzado	
	16.	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	
	17.	Industria do papel	
	18.	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
	20.	Industria química	
	21.	Fabricación de produtos farmacéuticos	
	22.	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	
	23.	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	
	24.	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaleacións	
	25.	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	
	26.	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	
	27	Fabricación de material e equipo eléctrico	
	28	Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p	
	29.	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	
	30.	Fabricación doutro material de transporte	
31.	Fabricación de mobles		
32.	Outras industrias manufactureiras		
33.	Reparación e instalación de maquinaria e equipo		
<b>Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación</b>	38.	Recollida, tratamento e xestión de residuos; valorización	
	39.	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	



<b>Construción</b>	43.	Actividades de construción especializada	
<b>Comercio</b>	45.	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	
	47.	Comercio polo miúdo, agás vehículos de motor e motocicletas	
<b>Transporte e almacenamento</b>	49.	Transporte terrestre e por tubaxe	Agás vehículos de transporte no sector transporte de mercancías por estrada
	50.	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	
	51.	Transporte aéreo	
	52.	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	
<b>Hostalería</b>	55.	Servizos de aloxamento	
	56.	Servizos de comidas e bebidas	
<b>Información e comunicacións</b>	58.	Edición	
	59.	Actividades cinematográficas, de vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical	
	60.	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	
	61.	Telecomunicacións	
	62.	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	
	63.	Servizos de información	
<b>Investigación e desenvolvemento</b>	72.	Investigación e desenvolvemento	
	73.	Publicidade e estudos de mercado	
	74.	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	
	75.	Actividades veterinarias	
<b>Actividades administrativas e servizos auxiliares</b>	77.	Actividades de aluguer	
	78.	Actividades relacionadas co emprego	
	79.	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas cos mesmos	
	80.	Actividades de seguridade e investigación	
	81.	Servizos a edificios e actividades de xardinería	
	82.	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	
	87.	Asistencia en establecementos residenciais	
	88.	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	
	90.	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	
	91.	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	
	93.	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	
	95.	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	
	96.	Outros servizos persoais	

## ANEXO III



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA



## **ANEXO IV**



**ANEXO V**

**RELACIÓN DE ENTIDADES FINANCEIRAS E SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA ADHERIDAS**

Axudas para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 € (Programa microcréditos)

**Caixas**

-Caixa Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega

**Bancos**

-Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.  
-Banco Pastor, S.A.  
-Banco Popular Español, S.A.  
-Banco Caixa Geral, S.A.  
-Abanca Corporación Bancaria, S.A.

**SGR**

-Afianzamientos de Galicia,  
Sociedad de Garantía Recíproca (Afigal, S.G.R.)  
-Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense (Sogarpo, S.G.R.)